

Fernando Díaz-Castroverde gaña o Premio Narrativa Breve Repsol

[XORNAL.COM](#)

15/09/2011 - 15:55 h.

O escritor consegue o galardón, dotado con 9.000 euros, coa obra *Microbios e outros paquidermos*

Hoxe fíxose público o fallo do V Premio Narrativa Breve Repsol en Lingua Galega na Refinería de Repsol na Coruña. Fina Casalderrey, como voceira leu o fallo do xurado que deu como gañador do V Premio de Narrativa Breve Repsol o poeta e escritor Fernando Díaz-Castroverde, pola súa obra *Microbios e outros paquidermos*. O Premio está dotado con nove mil euros e coa publicación da obra na Editorial Galaxia. A voceira do Xurado deu as grazas á Fundación Repsol por convocar estes premios “que tratan de axudar a nosa lingua galega”. Ademais destacou a dificultade da elección debido á gran calidade das obras presentadas e mostrou o seu gran respecto a calquera dos autores, polo que significa presentarse a un premio. Definiu a obra gañadora como “un libro harmonioso, relacionado cos aforismos”, destacando “o uso da contundencia do breve, utilizando a retranca, ou absurdo, a transgresión e a crítica mordaz”. Son microrelatos intelixentes que levan á reflexión, conseguindo un ritmo áxil que convida a facer paradas para o lector. “É un libro para pensar”, concluíu.

Trinta e nove foron as obras orixinais e inéditas que, cunha extensión mínima de 50 folios e máxima de 120, se presentaron a este premio que chega á súa quinta edición. O galardón foi creado no 2006 pola Refinería de Repsol na Coruña e Dende a pasada edición de 2010, a Fundación Repsol toma o relevo para convocar o premio contando novamente coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, así como da Editorial Galaxia, da Real Academia Galega e da Asociación de Escritores en Lingua Galega.